



PLAN DE ACCIÓN
EN MATERIA DE
SOFTWARE LIBRE
BALANCE 2012
AMTEGA




PLAN DE ACCIÓN EN MATERIA DE SOFTWARE LIBRE: BALANCE 2012

- O ano 2012 foi un ano de moi marcada relevancia para Galicia no ámbito do Software Libre, sendo tamén un ano que nos permitiu amosar internacionalmente os nosos proxectos neste ámbito.
- Celebráronse en Galicia importantes conferencias internacionais:
 - GUADEC 2012
 - Libre Software World Conference
- Puidemos dar a coñecer ao mundo os máis importantes proxectos que a Xunta de Galicia está promovendo neste eido:
 - O Proxecto Abalar
 - A Rede CeMIT
 - O Centro Demostrador TIC
 - As políticas de liberación e reutilización de Software
- A continuación preséntase os principais logros do 2012 nos 3 ámbitos principais de actuación: **Empresarial, Administración pública e cidadanía.**



Ámbito empresarial



O **Centro Demostrador TIC** estase a constituír como un dos principais **elementos vertebradores do fomento do Software Libre no ámbito empresarial galego**.

- ✓ 3 xornadas demostradoras de Software Libre.
- ✓ Catálogo de provedores e servizos de Software Libre de Galicia alimentado polo MapaTIC.gal




CDTIC: Xornadas demostradoras de Software Libre

- O software libre é unhas das temáticas con mellor acollida das xornadas celebradas no CDTIC, cunha media de 30 asistentes por xornada. O grao de satisfacción dos asistentes é alto ou moi alto.
 - Xornada de Boas Prácticas - Oportunidades e Estratexias para Crecer coas TIC:
 - ✓ Software Libre como ferramenta de **eficiencia e competitividade** para as pemes.
 - Oportunidades na accesibilidade con Software Libre.
 - ✓ **Accesibilidade no entorno do escritorio GNOME**
 - ✓ **Software Libre na Educación**
 - ✓ **Tecnoloxías Libres para interacción multimodal de usuarios con diversidade funcional**
 - II Xornada de demostración: **Xestión Integral de Empresas con Software Libre**
 - ✓ Centralita telefónica pbx **asterisk**
 - ✓ Aplicación web para planificación, motorización e xestión de proxectos: **LibrePlan**
 - ✓ Sistema de xestión documental **Alfresco**



Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia: MapaTIC.gal

- MapaTIC.gal: plataforma web que serve de punto de encontro virtual entre as empresas TIC e as empresas doutros sectores que demandan solucións tecnolóxicas.
- A finais de 2012, o MapaTIC.gal ofrecía xa máis de **400 produtos** e servizos tecnolóxicos e contaba con **178 provedores**.
 - Aproximadamente **un de cada catro provedores ofrece os seus servizos en torno a tecnoloxías libres.**
 - O **22,30%** dos servizos e produtos son tecnoloxías libres.
- Co obxectivo de favorecer a visibilidade dos produtos e servizos en Software Libre, creouse o **Catálogo de produtos, servizos e provedores de Software Libre en Galicia** dentro do portal mancomun.
 - Este catálogo mostra a información do MapaTIC filtrando só os produtos e provedores de software libre





Libre Software World Conference

AGASOL organizou a **III Libre Software World Conference** na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela co apoio da Xunta de Galicia.

A LSWC é un dos maiores eventos de difusión de Software Libre e de carácter internacional celebrados anualmente en España cun enfoque principalmente empresarial e profesional.



- Reuniu a algunhas das voces máis relevantes do Software Libre a nivel mundial.
- Máis de **400 asistentes** puideron coñecer de primeira man experiencias singulares de uso do Software Libre nos ámbitos da cidadanía, do mundo empresarial e das administracións pública.
- Durante dous días, Santiago de Compostela foi o centro da actualidade do software libre mundial, permitindo que a través deste foro se amosase o traballo, o coñecemento e a potencialidade dos distintos actores do Software Libre en Galicia.





Evolución do uso de Software Libre nas empresas de Galicia

Evolución do uso do Software Libre nas empresas de Galicia



Bases: empresas informáticas que non son persoas físicas.
empresas de 10 a 249 empregados que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA


- Os resultados obtidos demostran que a **tendencia no uso do software libre continúa a ser moi positiva**.
 - Globalmente, podemos afirmar que **oito de cada dez empresas galegas empregan Software Libre nos seus equipos**.
 - O uso de Software Libre nas **empresas non informáticas alcanza xa un nivel parello ao das empresas informáticas (73,9% fronte ao 82%)**.





Evolución do uso de Software Libre nas empresas de Galicia

Evolución do uso do **Sistemas Operativos** nas empresas de Galicia



Bases: **Ordenadores:** empresas de 10 a 249 empregados que non son persoas físicas/empresas informáticas que non son persoas físicas
Servidores: empresas de 10 a 249 empregados que non son persoas físicas e teñen servidores/empresas informáticas que non son persoas físicas e teñen servidores

Fonte: OSIMGA



- Importante incremento do uso de **Sistemas Operativos libres** nas empresas galegas:
 - **Empresas non informáticas:** 13,1 puntos máis nos ordenadores e 9,5 nos servidores. Destacar tamén o descenso de 15,1 puntos no uso de S.O. Privativos nos ordenadores.
 - **Empresas informáticas:** 24,4 puntos máis nos ordenadores e 12,1% máis nos servidores.



Evolución do uso de Software Libre nas empresas de Galicia

- O **56,7%** das empresas TIC inclúen o **Software Libre** na súa carteira de produtos.
- En canto á **acción comercial** en Software Libre:
 - Só o **16,1%** de empresas TIC e o **13,5%** das empresas recibiron **accións comerciais** en **Software Libre** fronte ao 29,4% e ao 43,5% respectivamente que as recibiron en Software Privativo.
 - A oferta concéntrase principalmente nas empresas de máis de 50 empregados e nas empresas informáticas de máis de 3 empregados.

Acción comercial sobre Software Libre recibidas polas empresas e empresas TIC de Galicia



Bases: empresas de 10 a 249 empregados que non son persoas físicas
empresas informáticas que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA



XUNTA
DE GALICIA





Administración pública

Liberación de software de titularidade da Xunta de Galicia

- Liberación de catro novos proxectos no 2012:

- AMTEGA


- ✓ **Ekiga para a rede CeMIT**: incorporar no software Ekiga o soporte do protocolo H.239 de forma que fose posible transmitir os datos multimedia de forma simultánea co vídeo remoto.
 - ✓ **Catálogo de provedores de software libre de Galicia**: ferramenta de consulta web que permite a procura por categorías dos produtos de software libre e os provedores que prestan servizos sobre eles. Obtén os datos do Mapa de Capacidade Tecnolóxicas de Galicia, MapaTIC.gal
- Instituto de Estudos Turísticos
- ✓ **Turenquisa**: Aplicación web cliente-servidor de captura e explotación de datos de índole turística en tempo real.
 - ✓ **Xeshostais**: Aplicación de xestión de establecementos hostaleiros, pioneira no Estado, para mellorar a xestión dos pequenos establecementos turísticos e para compartir datos estatísticos.





Impulso do Software Libre na Xunta de Galicia

- Elaborouse unha maqueta de Software Libre unificada para a rede CeMIT, baseada no desenvolvemento previo feito para o proxecto ABALAR.
 - Intenso traballo de busca e adaptación de drivers para o correcto funcionamento da maqueta de software na diversidade de hardware dispoñibles nas aulas.
 - Realizouse o paquetizado de todo o software necesario para a formación impartida dentro do programa formativo da rede CeMIT.
 - Desenvolvéronse **novas funcionalidades para o software de videoconferencia Ekiga** co obxectivo de achegar a videoconferencia por software a aquelas aulas que non están dotadas con equipos dedicados de videoconferencia






Impulso do Software Libre na Xunta de Galicia

- A progresiva integración das áreas TIC das distintas Consellerías na AMTEGA está facilitando a aplicación das políticas de promoción e impulso do Software Libre nos proxectos tecnolóxicos.
- O Software Libre está presente cada vez máis nos proxectos sectoriais da Xunta de Galicia
 - Proxecto Abalar e Webs dinámicas da área de Educación
 - Desenvolvemento do Xeoportal de indicadores territoriais DESOURB (Desenvolvemento Sostible Urbano) da área de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
 - Desenvolvementos en contornos LAMP e mantemento da ferramenta BDWEB para a migración de bases de datos Access a contornos web na área de Medio Rural e Mar
 - Emprego dunha plataforma tecnolóxica de desenvolvemento e calidade integramente Software Libre na área de Traballo e Benestar
 - Priorización de plataformas libres para os novos desenvolvementos nas áreas de Sanidade, Facenda e Economía e Industria




Formación en Software Libre a través da rede CeMIT

Máis de **16.000 persoas** recibiron formación en software libre en **máis de 22.150 horas** de formación, a través das **aulas CeMIT** e dos Centros de Alta Especialización: **CNTG** e **EGAP**.





Formación nas aulas CeMIT



- O plan de formación das aulas CeMIT ofreceu Cursos de **alfabetización dixital** e de **formación multimedia e audiovisual**.
- **14.888 persoas** recibiron formación específica sobre sistemas ou aplicativos libres nun total de **20.056 horas**:
 - Introducción á informática a través de GNU/Linux, introdución á navegación en Internet con Firefox, introdución á ofimática con Libreoffice, retoque dixital con gimp, ...
- Outras **10.000 persoas** recibiron alfabetización dixital básica no uso de servizos web (gmail, google docs,...), DNI electrónico, sinatura dixital, ... nun total de **11.350 horas** de formación. Esta formación non é específica sobre Software Libre pero si achega aos usuarios ao seu uso, xa que todos os computadores das aulas CeMIT teñen instalado Software Libre.
- No 2012 púxose en marcha o **Espazo Multimedia de Aprendizaxe** (EMA), unha plataforma de teleformación baseada en Moodle, con 9 cursos en liña a disposición dos usuarios da rede CeMIT.
 - Os cursos foron publicados con licenza libre CC-by-sa



Formación ao empregado público en software libre




- Ademais da formación na vertente en software libre dentro do **Plan de Capacitación Ofimática**, GNU/Linux e OpenOffice, impartíronse outros cursos sobre tecnoloxías libres:

Horas de formación a empregados públicos na EGAP

% de formación en Software Libre respecto da formación TIC global

- Virtualización: Xen
- Administración de Linux
- Os xestores documentais: Alfresco
- Programación en PHP



- Máis de **1.250 alumnos** formáronse nun total de case **1.000 horas** de formación, o que supón o 45% da formación TIC impartida durante o ano 2012.




Formación a profesionais TIC dende o CNTG



- O CNTG continúa ofrecendo formación especializada aos profesionais TIC galegos.
- O ano 2012 impartíronse **18 cursos** sobre software libre, o que supón o 31% do total dos cursos.
- **272 persoas** recibiron formación especializada en software libre:
 - Red Hat, MySQL, PHP, Apache, JEE5, LPIC1, LPIC2, LPIC3, Java, Asterisk, Zentyal ou Android.
- **1.136 horas** de formación especializada en software libre.
- Aumenta tamén a formación especializada en tecnoloxías neutras como Fundamentos de ITIL, Dirección de proxectos informáticos (certificación PMP), Deseño áxil con Test Driven Development (TDD)...

Evolución da proporción de cursos por tipo de tecnoloxías

% de formación segundo tipo de tecnoloxía





Formación en Software Libre no proxecto ABALAR



- 3ª fase ABALAR
 - Máis de **43.000 alumnos** con portátiles con software libre en 533 centros educativos escolares.
 - **15.000 alumnos** máis doutros 645 colexios contan con kits de aula dixital
- Formación ao profesorado.
 - Máis de **1.600 horas de formación** a máis de **1.500 docentes**, en materias como:
 - ✓ Uso didáctico de Moodle, Elaboración de materiais didácticos con eXe-Learning, Emprego didáctico do encerado dixital dende GNU/Linux, Ferramentas de son e vídeo en software libre, Introducción a GNU/Linux, A suite OpenOffice en galego, Freemind e Dia, Scribus, ...
- Repositorio de **contidos** educativos dixitais:
 - A finais de 2012 contaba xa cun total de **1.164 contidos educativos** dixitais con licenzas Creative Commons.
 - Este repositorio ten rexistradas desde a súa posta en marcha a finais do 2010 **máis de 1 millón de descargas** de materiais didácticos.





Formación e difusión á cidadanía

- Durante o 2012 mantivéronse os Convenios de colaboración con AGUSL e Universidades para a realización actividades de formación e difusión.
 - **65 actividades** formativas e de difusión.
 - Máis de **1.650 persoas** participaron nestas actividades nun total de **máis de 330 horas** e formación.
 - Elaboración de material formativo e divulgativo publicado no Repositorio Documental FLOSS.
- Destacar especialmente a celebración da GUADEC 2012 na cidade de A Coruña.
 - A **GUADEC**, Conferencia Europea de Desenvolvedores e Usuarios de GNOME, é o evento **internacional** anual máis importante para o desenvolvemento e promoción do contorno de escritorio **GNOME**.
 - Hackers de todo o mundo reuníronse durante unha semana para traballar a prol da evolución e mellora continua dun dos principais escritorios de Software Libre.





Licenza

Esta obra, elaborada por AMTEGA, está baixo unha licenza Recoñecemento-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.



Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/deed.gl>